

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

En segundo lugar, vese que hai algúns xéneros nos que a barreira de entrada é menor ca no resto: as diferenzas de interese entre non asistentes e asistentes ocasionais son máis leves (mesmo nulas ou negativas) nos casos do teatro en galego e en castelán. Nun segundo plano situaríanse os xéneros da música, a danza e a maxia, e en último lugar cunha ampla diferenza ou 'barreira de entrada' o teatro infantil e o de monicreques.

A diferenza rexistrada no caso da música débese non a unha falta de interese relativa neste xénero por parte dos non asistentes, pois emiten unha valoración equivalente á do teatro en galego ou castelán (6,5 puntos aproximadamente), senón a que os asistentes ocasionais presentan un valor anormalmente elevado (7,77). Isto permite volver a considerar a música a carón dos dous xéneros teatrais.

No que atinxe á danza o que acontece é que os non asistentes só se mostran 'algo interesados' polo xénero. Na maxia acontece o mesmo, só que o feito de asistir non produce un maior interese polo xénero, cousa que si se rexistra no caso da danza.

Menos esperanzadores son os valores emitidos polos non asistentes a espectáculos de teatro infantil e monicreques, onde parece evidente unha vez máis que a asistencia aos mesmos non ten que ver co factor 'interese' senón con outras causas diferentes. Como se viu, quen prescriben a asistencia a estes xéneros son máis os fillos ou os educadores cós propios pais. Neste sentido é que pode resultar máis eficiente desenvolver estratexias de promoción máis dirixidas ao mundo de ensino que vinculen a asistencia dos titores.

Vimos de comparar o grupo dos non asistentes e o dos asistentes ocasionais, pero puidemos ver que había un resultado anómalo en relación co xénero musical entre asistentes ocasionais e regulares. Segundo este resultado os asistentes regulares a actuacións musicais demostran un grao de interese máis baixo que o dos asistentes ocasionais, quebrándose a relación positiva entre interese e frecuencia de asistencia.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS


Analizado máis polo miúdo este fenómeno descubrimos que está motivado no fundamental polas valoracións que efectúan as persoas que residen nos hábitats máis urbanizados, e nomeadamente nas 7 cidades. Isto viría a confirmar que ou ben non hai correspondencia entre o interese manifestado e a frecuencia de asistencia declarada ou ben, que a diversa oferta musical existente non atrae os espectadores malia estaren interesados globalmente no xénero. Verifícase ademais que este fenómeno de descontinuidade afecta máis ás mulleres cós homes, en todas as provincias e en todos os intervalos de idade.

3.4. Grao de satisfacción cos espectáculos do IGAEM


Neste apartado iremos vendo en paralelo como se distribúe o nivel de beneficios ou satisfacción obtido polos espectadores que asistiron algunha vez a un espectáculo determinado.

Teatro en galego

Satisfacción coas obras de teatro en galego: Todas



Nivel de satisfacción coas obras de teatro en galego: Última



II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Táboa 63. Grao de satisfacción co teatro en galego: consumo histórico e último consumo, evolución


Grao de satisfacción co teatro en galego: consumo histórico e último consumo, evolución	Consumo histórico	Último consumo	Diferenza
Moi satisfeito/a	19'8	45'2	+25'4
Bastante satisfeito/a	61'4	41'8	-19'6
Pouco satisfeito/a	18'1	11'4	-6'7
Nada satisfeito/a	0'8	1'7	+0'5
Total	100'0	100'0	100'0

O teatro en galego produciu entre os seus asistentes e en xeral un nivel de bastante satisfacción, se ollamos o conxunto de obras e compañías vistas polos entrevistados. Cando se fala unicamente da última representación á que asistiron o nivel de satisfacción mellora en termos globais, basculando cara ao nivel de máxima satisfacción, que é o que alcanza o maior número de respostas.

Isto indica, sen prexuízo de que o teatro en galego sexa o xénero preferido pola maioría dos individuos presentes na mostra, que a programación do último semestre neste xénero tería sido moito mellor avaliada polos entrevistados que en toda a traxectoria histórica de representacións que visen con anterioridade.

O cruce da variábel de evolución da satisfacción cos descritores territoriais indican que a evolución positiva é de maior magnitude nas provincias de Lugo e Ourense, e sobre todo nas cidades. Porén, nas urbes obsérvase un comportamento dual, segundo o cal tamén é neste hábitat onde se rexistra a maior porcentaxe de espectadores cuxa satisfacción cos últimos espectáculos empeorou a respecto do nivel histórico (17%). Isto pode indicar un sector da demanda dos consumidores de teatro relativamente insatisfeito.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS




O mesmo cruzamento, empregando esta volta os descritores sociodemográficos, amosan que o aumento da satisfacción coas últimas funcións vistas é algo maior entre os homes que entre as mulleres. Por idades e nivel de estudos a evolución positiva de maior magnitude rexístrase no intervalo de idades con maior número de espectadores (de 25 a 35 anos e formación universitaria) e a de menor importancia entre os espectadores de 35 a 55 anos e formación de nivel básico ou medio. Isto último provoca que a maior porcentaxe de espectadores que manifestan ter visto empeorar o seu nivel de satisfacción se rexistre tamén no segmento de actividade laboral con maior número de individuos: o das persoas ocupadas, aínda que tamén entre eles o balance é notabelmente positivo.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS


Teatro en castelán

Grao de satisfacción co teatro en lingua castelá

Nivel de satisfacción coas obras de teatro en castelán: Todas



Nivel de satisfacción coas obras de teatro en castelán: Última




Táboa 64. Grao de satisfacción co teatro en castelán: consumo histórico e último consumo, evolución

Grao de satisfacción co teatro en castelán: consumo histórico e último consumo, evolución	Consumo histórico	Último consumo	Diferenza
Moi satisfeito/a	11,0	29,0	+18,0
Bastante satisfeito/a	74,3	59,3	-15,0
Pouco satisfeito/a	13,9	9,6	-4,3
Nada satisfeito/a	0,8	2,1	+1,3
Total	100,0	100,0	=

O teatro en castelán tamén produciu en perspectiva histórica un nivel satisfacción avaliado globalmente como de bastante satisfacción, se ben a distribución de respostas torce neste caso o seu centro de gravidade lixeiramente cara ás categorías de valoración inferior. Atendendo ao beneficio tirado da última representación vista achamos ao igual que no teatro en galego unha melloría do nivel de satisfacción obtido en relación co obtido en xeral para o conxunto de todas as representacións deste xénero ás que se asistiu.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

O saldo comparado é netamente positivo, se ben en termos absolutos a porcentaxe de espectadores que manifesta unha mellora no seu nivel de satisfacción é algo menor que no caso do teatro en galego.




Se analizamos en que grupos da poboación se localizan con maior intensidade estas percepcións sobre a melloría das últimas producións de teatro en castelán non se obteñen resultados nin patróns tan claros como no caso do teatro galego. O máis salientábel é o feito de que nas provincias setentrionais, sobre todo na da Coruña, a evolución positiva é maior ca no resto. Entanto, as provincias occidentais son as que presentan unha maior porcentaxe de espectadores que consideran negativa a evolución.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS


Teatro infantil

Grao de satisfacción co teatro infantil

Nivel de satisfacción coas obras de teatro infantil: Todas



Nivel de satisfacción coas obras de teatro infantil: Última



Táboa 65. Grao de satisfacción co teatro infantil: consumo histórico e último consumo, evolución

Grao de satisfacción co teatro infantil: consumo histórico e último consumo, evolución	Consumo histórico	Último consumo	Diferenza
Moi satisfeito/a	18,4	24,8	+6,4
Bastante satisfeito/a	61,7	59,8	-1,9
Pouco satisfeito/a	19,0	12,6	-6,4
Nada satisfeito/a	0,9	2,8	+1,9
Total	100,0	100,0	=

O teatro infantil avalíase globalmente como bastante satisfactorio, se ben a porcentaxe de asistentes que o considera moi satisfactorio é sensibelmente inferior á mesma porcentaxe rexistrada entre os espectadores do teatro en galego e en castelán, co que se pon de novo de manifesto o seu comportamento diferencial a respecto deles.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Enfocando só a satisfacción percibida e manifestada na última representación vista visualízase novamente unha mellora do nivel das últimas funcións a respecto da valoración histórica de todas elas, aínda que neste caso a mellora é moito máis discreta que nos casos anteriores.


Aínda que o teatro infantil é un xénero orientado especificamente a determinadas faixas de idade e cuxo consumo non esta determinado plenamente polo interese que se sente por el, o cruce de resultados entre evolución da satisfacción e variábeis de descrición territorial e sociodemográfica presenta diferenzas notábeis nos máis dos casos.

Así, por exemplo, descendendo ao detalle provincial pódense ver diferenzas de até 7 puntos porcentuais tanto na porcentaxe de persoas que din experimentar unha satisfacción crecente como na das que manifestan unha decrecente. Isto é así até o punto de que na provincia de Pontevedra sería máis numerosa a porcentaxe destes últimos.

En función do tipo de hábitat as diferenzas son maiores, e demóstrase que os concellos que presentan unha melloría máis manifesta son os de mediano tamaño, mentres que os máis pequenos presentan unha evolución case neutral e as cidades unha evolución negativa. Cabe a posibilidade de analizar este resultado en relación co feito de ser os concellos medianos os que concentran o número de nacementos e de poboación escolar nos últimos anos, aínda que isto cae fóra do ámbito de estudo desta investigación.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Nivel de satisfacción co teatro infantil segundo o hábitat




Tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo

Con todo, as diferenzas no grao de satisfacción producida polos últimos espectáculos de teatro infantil fanse máis patentes cando cruzamos os resultados polos descritores sociodemográficos. Nun xénero no que a maioría de espectadores son mulleres, que acoden con maior frecuencia cós homes en razón do seu rol de educadoras e coidadoras dos nenos, demóstrase que son elas as que menos observan unha melloría do xénero. Aínda que a maioría asegura obter a mesma satisfacción da última representación vista que das anteriores no seu conxunto, é maior a porcentaxe das que manifestan unha sensación negativa que as que observan unha mellora. Porén, practicamente todas as evolucións negativas concéntranse entre mulleres de menos de 35 anos, mentres que as maiores porcentaxes de evolucións positivas aparecen nas idades coincidentes cos roles de nais e pais, educadoras e coidadoras.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS


Nivel de satisfacción co teatro infantil segundo o xénero.




Funcións de monicreques

Grao de satisfacción coas funcións de monicreques

Nivel de satisfacción coas funcións de monicreques: Todas



Nivel de satisfacción coas funcións de monicreques: Última



II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Táboa 66. Grao de satisfacción coas funcións de monicreques: consumo histórico e último consumo, evolución

Grao de satisfacción coas funcións de monicreques: consumo histórico e último consumo, evolución	Consumo histórico	Último consumo	Diferenza
Moi satisfeito/a	17,5	30,4	+12,9
Bastante satisfeito/a	69,9	65,0	-4,9
Pouco satisfeito/a	12,6	4,6	-8,0
Nada satisfeito/a	-	-	=
Total	100,0	100,0	=

Co teatro de monicreques o nivel de satisfacción relativo ao conxunto das representación reproduce os esquemas que vimos contemplando, situándose o nivel medio na categoría 'bastante satisfeito'. Neste caso, porén, a distribución de respostas é algo mellor que no teatro infantil, pois existen máis respostas de espectadores 'moi satisfeitos' que de 'pouco satisfeitos'. Ademais verificase que ningún dos espectadores deste xénero que foron entrevistados empregou a categoría de maior insatisfacción ou máis crítica.

En perspectiva evolutiva, as valoracións sobre última representación vista mostra un resultado positivo que diferenza a este xénero do teatro infantil. A mellora do nivel de satisfacción é en termos absolutos e relativos moi notábel, e tende a equipararse máis co comportamento do teatro en galego e en castelán. Confírmase deste xeito un avance intenso e positivo na apreciación das funcións de monicreques durante o último semestre (primeiro de 2006). Pode ter que ver con este feito o rexurdimento e a proliferación deste tipo de representacións nos últimos anos, fronte a un recordo máis ou menos antigo das funcións vistas no pasado.


No cruce de resultados segundo os descritores non se aprecian fenómenos relevantes. Por provincias e hábitat as únicas diferenzas detectadas prodúcense na provincia de Ourense entre a cidade e os concellos pequenos, de xeito que nestes últimos existe unha apreciación moito máis favorábel na evolución da satisfacción que producen este tipo de espectáculos. Nas outras provincias estas diferenzas apenas son apreciábeis.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS


Espectáculos de maxia

Grao de satisfacción cos espectáculos de maxia

Nivel de satisfacción cos espectáculos de maxia: Todos



Nivel de satisfacción cos espectáculos de maxia: Último



Táboa 67. Grao de satisfacción cos espectáculos de maxia: consumo histórico e último consumo, evolución

Grao de satisfacción cos espectáculos de maxia: consumo histórico e último consumo, evolución	Consumo histórico	Último consumo	Diferenza
Moi satisfeito/a	16,1	29,5	+13,4
Bastante satisfeito/a	59,4	47,9	-11,5
Pouco satisfeito/a	24,5	20,1	-4,4
Nada satisfeito/a	-	2,6	+2,6
Total	100,0	100,0	=

Os espectáculos de maxia xeran un beneficio ou satisfacción semellante ao do teatro de monicreques. En principio, a valoración xeral de todos os espectáculo deste tipo é que producen 'bastante satisfacción', aínda que de todos os xéneros vistos até aquí é este o que presenta unha distribución de frecuencias máis orientada cara ás categorías negativas: hai máis espectadores pouco satisfeitos que moi satisfeitos.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS


Con todo, na perspectiva evolutiva os últimos espectáculos de maxia contemplados demostran producir un nivel de satisfacción elevado: a distribución de respostas é agora notabelmente positiva.

A pesar de que este xénero é o que reúne menos espectadores, os resultados dos espectadores entrevistados indican que a oferta máis recente é bastante mellor valorada, ou que produce maior satisfacción, có conxunto dos eventos históricos deste tipo. A mellora equipárase á do teatro de monicreques e aproxímase á do teatro en galego e en castelán, e supera amplamente á do teatro infantil.

Existe unha fracción de espectadores de maxia tan pequena que non é posíbel efectuar os cruces cos descritores sen obter fluctuacións elevadas nos resultados.

Espectáculos de danza

Grao de satisfacción cos espectáculos de danza



II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS


Táboa 68. Grao de satisfacción cos espectáculos de danza: consumo histórico e último consumo, evolución

Grao de satisfacción cos espectáculos de danza: consumo histórico e último consumo, evolución	Consumo histórico	Último consumo	Diferenza
Moi satisfeito/a	14,1	25,2	+10,9
Bastante satisfeito/a	64,1	61,5	-2,6
Pouco satisfeito/a	19,9	10,5	-9,4
Nada satisfeito/a	1,9	2,8	+0,9
Total	100,0	100,0	=

En termos xerais e falando de satisfacción co xénero, a danza presenta un comportamento semellante á maxia e os monicreques. Aínda que o nivel de satisfacción co conxunto de espectáculos vistos é de 'bastante satisfeito' e bascula lixeiramente cara a un certo grao de insatisfacción, a perspectiva evolutiva das últimas asistenciaes en relación coas históricas mellora sensibelmente o grao de satisfacción obtido, aínda que non tanto como cos tipos de espectáculos anteriores. A mellora da satisfacción obtida nas últimas asistenciaes só é maior que no caso do teatro infantil.

A evolución do nivel de satisfacción por provincias arroxa un resultado algo preocupante para a provincia de Pontevedra, na que case se detectan máis evolucións negativas que positivas.


II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



Tamén por xéneros se aprecian diferenzas dignas de mención, no sentido que vén sendo habitual nestes cruces polos descritores, e que apuntan a que as mulleres observan unha evolución en xeral menos benigna que a dos homes.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS


Nivel de satisfacción coa danza segundo o xénero




Actuacións musicais

Grao de satisfacción coas actuacións musicais

Nivel de satisfacción coas actuacións musicais: Todas



Nivel de satisfacción coas actuacións musicais: Última



II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Táboa 69. Grao de satisfacción cas actuacións musicais: consumo histórico e último consumo, evolución

Grao de satisfacción cas actuacións musicais: consumo histórico e último consumo, evolución	Consumo histórico	Último consumo	Diferenza
Moi satisfeito/a	24,3	33,4	+9,1
Bastante satisfeito/a	64,2	59,7	-4,5
Pouco satisfeito/a	11,4	6,8	-4,6
Nada satisfeito/a	0,1	0,1	=
Total	100,0	100,0	=


Os espectáculos centrados na música presentan o nivel de satisfacción global e histórico máis alto dos sete xéneros avaliados. A maior parte dos seus espectadores móstranse 'bastante satisfeitos', e a porcentaxe de 'moi satisfeitos' duplica a dos 'pouco ou nada satisfeitos'.

Este elevado punto de partida impide que a comparación entre o conxunto de todos os espectáculos musicais aos que asistiron e o último mostre variacións importantes. Con todo, demóstrase tamén neste xénero que os últimos espectáculos vistos desta natureza resultan algo máis satisfactorios que os anteriores, aínda que a melloran este caso é dunha magnitude moi baixa. Só o teatro infantil mostra unha melloría inferior á da música.

Os espectáculos musicais son, dos analizados, os que producen un comportamento máis variado cando detallamos os resultados da evolución da satisfacción dos seus espectadores en función dos descritores.


Así, no plano da análise territorial, visualízanse diferenzas provinciais importantes. As provincias con mellor evolución son as de Lugo e Ourense, mentres que polo lado negativo destaca outra vez Pontevedra, onde as porcentaxes de persoas que declaran unha evolución negativa se equiparan coa das que manifestan unha evolución positiva en canto a nivel de satisfacción.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS




Ao facer o cruce por variábeis sociodemográficas aprécianse diferentes comportamentos tanto en función do xénero como en función da idade. As mulleres volven presentar menos probabilidades de manifestar unha evolución positiva do seu nivel de satisfacción. A porcentaxe das que o fan apenas representa a metade do que podemos atopar entre os homes.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



Por idades, a porcentaxe de espectadores que manifesta nunha evolución positiva é maior canto máis nova é a persoa, mais tamén aumenta a porcentaxe dos que declaran nunha evolución negativa. O resultado é que entre a mocidade a xuventude é máis fácil encontrar opinións encontradas.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



Grao de satisfacción vs. Frecuencia de asistencia

Do mesmo xeito en que procedemos ao analizar o grao de interese, agora realizamos unha análise da relación que existe entre grao de satisfacción con cada tipo de espectáculo e a frecuencia de asistencia ao mesmo. Noutras palabras, intentamos medir se a utilidade reportada por un xénero escénico atopa correlato nunha frecuencia de asistencia ao mesmo.

O nivel de satisfacción xeral con todos os espectáculos de cada tipo aos que asistiu unha persoa mediuse nunha escala de Likert con catro posicións ou niveis de satisfacción: moita (1), bastante (2), pouca (3), ningunha (4).

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Se tomamos como indicador o grao de satisfacción xeral con todos os espectáculos dun tipo visto por unha persoa, os resultados mostran que non en todos os xéneros escénicos se produce unha relación positiva entre satisfacción declarada e incremento da frecuencia de asistencia. Así, mentres esta relación aparentemente lóxica se rexistra con certa intensidade nos espectáculos musicais, e no teatro en galego, de monicreques e infantil, nos espectáculos de danza e no teatro en castelán e nos espectáculos de danza non se verifica.

O cadro seguinte resume os niveis medios de satisfacción para cada espectáculo e tipo de espectador (segundo a súa frecuencia de asistencia):

Táboa 70. Estatísticos descriptivo do grao de satisfacción cos xéneros escénicos segundo a frecuencia de asistencia

Estatísticos descriptivos do grao de satisfacción cos xéneros escénicos segundo a frecuencia de asistencia	Teatro en galego	Teatro en castelán	Teatro infantil	Monicreques	Maxia	Danza	Música
Asistentes ocasionais	1,77	1,95	1,82	1,93	1,91	1,85	2,08
Asistentes regulares	1,97	1,96	2,00	2,02	1,92	2,05	2,06
Asistentes habituais	2,07	1,95	2,08	2,25	1,91	1,62	2,22
Correspondencia?	Si	Non	Si	Si	Non	Non	Si

Os datos invitan a pensar que nos casos da maxia e do teatro en castelán e da danza existen factores que inciden na asistencia que se sitúan fóra do ámbito dos criterios de oferta-demanda ou de utilidade-consumo. Atrévemonos a aventurar, dados os perfís vistos para estes tipos de espectáculos, que no caso do teatro en castelán e da danza existen factores de índole relacional ou social que inflúen en maior medida no seu consumo. Nos espectáculos de maxia poden funcionar tamén factores desta natureza, aínda quen os inclinamos máis pola existencia dun imaxinario social pouco propicio para este xénero.

Se para intentar medir esta relación empregamos a variábel que recolle o nivel de satisfacción declarado co último espectáculo visto de cada tipo, os resultados son exactamente os mesmos que no caso anterior.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

3.5. Hábitos informativos e de lecer en relación co consumo de artes escénicas

Táboa 71. Correlacións de frecuencias de asistencia a espectáculos e a frecuencia de consumo de medios de comunicación (coeficientes Rho e Spearman)



Correlacións entre as frecuencias de asistencia a espectáculos e a frecuencia de consumo de medios de comunicación e información (coeficientes Rho e Spearman)	Teatro en lingua galega	Teatro en lingua castelá	Espectáculos de danza	Actuacións musicais	Teatro infantil	Funcións de monicreques	Espectáculos de maxia
TV	-,083(**)	-,005	-,133(**)	-,014(**)	-,094(**)	-,138(**)	-,051(**)
TVG	,010(*)	-,030(**)	-,076(**)	-,050(**)	-,032(**)	,025(**)	-,030(**)
Radio	,025(**)	-,028(**)	-,108(**)	,102(**)	-,014(**)	,013(**)	,051(**)
Radio Galega	,071(**)	,045(**)	-,016(**)	,029(**)	,004	,083(**)	,157(**)
Xornais	-,061(**)	,029(**)	,040(**)	,114(**)	,071(**)	,085(**)	,052(**)
Internet							

* A correlación é significativa ao nivel 0,05 (bilateral).

** A correlación é significativa ao nivel 0,01 (bilateral).

TV e radio

Frecuencia de consumo da Tv e da TVG



II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Táboa 72. Frecuencia de consumo da TV e da TVG

Frecuencia de consumo da TV e da TVG		TV	TVG
%	Todos os días da semana	66,8	31,8
	Varias veces á semana	24,5	33,7
	Só as fins de semana	1,6	2,9
	Algunhas veces ao mes	3,6	11,0
	Con menor frecuencia	1,5	11,4
	Nunca	2,1	9,3
	Total	100,0	100,0

A porcentaxe de espectadores que consome espazos televisivos é semellante á que segundo outras fontes se rexistra entre a poboación xeral, e se aproxima ao 100%. A diferenza vén dada pola frecuencia de consumo, que no caso do público da Rede é sensibelmente menor, até o punto en que só 2 de cada 3 persoas declaran ver a TV todos os días da semana.

Cando se pregunta polo consumo específico da canle TVG pódese apreciar que a porcentaxe de espectadores diarios redúcese a menos da metade, aínda que aumenta a proporción de espectadores esporádicos. A TV vena todas as semanas un 92% dos espectadores, mentres que a TVG vena semanalmente un 68%.

En xeral estímase que a probabilidade aproximada de que un espectador de TV vexa 'a galega' un día calquera é de 2/3. Esta cifra de audiencia diaria relativa, así e todo, non representa o concepto habitualmente coñecido por 'share' ou cota de mercado dunha canle, xa que as minutaxes por canle para un mesmo día poden ser moi diferentes.

O cruce dos consumos de TV pola variábel frecuencia de asistencia aos espectáculos escénicos do IGAEM mostra unha relación significativa en sentido negativo aínda que de magnitude reducida. A frecuencia de asistencia aos espectáculos veríase limitada en parte pola frecuencia de consumo de TV, e isto é certo para todos os xéneros excepto para o teatro en castelán, en cuxo caso a correlación rexistrada non resulta estatisticamente significativa ao 99% de confianza. O que si resulta significativo é unha tendencia á preferencia polo teatro en castelán en detrimento do teatro en galego entre os espectadores do IGAEM que máis TV consomen. Por xéneros os máis prexudicados polo consumo televisivo serían o teatro de monicreques, a danza e o teatro infantil.

II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Se en vez de falar do consumo de TV en xeral analizamos a posíbel influencia do consumo específico da TVG obtemos uns resultados semellantes, pero con algunhas diferenzas:

- Verifícase unha relación lixeiramente negativa entre consumo de TVG e frecuencia de asistencia aos espectáculos. Porén, esta relación é menos intensa que cando consideramos o conxunto das canles televisivas.

- A visión da TVG limita algo máis o consumo dos espectáculos de danza e musicais que outros xéneros.

- Verifícase cun nivel de confianza do 95% que o consumo de TVG relaciona lixeira e positivamente coa frecuencias de asistencia ao teatro en galego, e leve e negativamente co do teatro en castelán. Cunha confianza do 99% pódese asegurar que o consumo da canle autonómica de televisión é máis frecuente entre as persoas que consomen máis teatro galego que castelán, e ao contrario.

Dedúcese disto un posíbel rol de utilidade da TVG á hora de promover o consumo do teatro en galego.

Con todo, estas afirmacións, sendo significativas no ámbito da estatística, teñen un alcance limitado e poden depender de outros factores, pero o signo e a orientación destes fenómenos son, ao noso xuízo, o suficientemente indicativos como para ser destacados.